
Onobrychis viciifolia Scop., 1771

- esparcela, esparceta, sanfeno
- esparceta, pipirigallo, arbeja de asno
- astorki, astorkia
- esparcet, trepadella
- sainfoin
- sanfeno



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fabales**	**Fabaceae**	***Onobrychis***

ORIXE

Este de Europa e oeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Planta perenne de porte herbáceo. Ten unha raíz pivotante ben profunda, o que a fai resistente á seca. Talo erecto, cuberto de pelos e moitas veces oco. Follas compostas e imparipinnadas con moitos folíolos máis un folíolo terminal. Os folíolos son oblongo-elípticos, de contorno enteiro e pubescentes no envés. As flores aparecen en acios terminais con moitas flores. Posúen 5 pétalos, normalmente de cores rosa e púrpura. A floración ten lugar na primavera. O seu froito (lomento) é un legume característico, indehiscente, aplanado, con superficie reticulada e un bordo áspero incluso espiñento. Cada froito contén unha soa semente de cor oliva escura, case negra, duns 4-6 mm.

HÁBITAT

Adaptada a vivir en pradeiras, pastizais, campos de cultivo ou bordos de camiños. Especialmente crece en solos calcario, pedregosos e áridos. Tolerante a solos ben drenados con pH lixeiramente alcalino.

DISTRIBUCIÓN

Naturalizada practicamente en toda Europa, Asia e América do Norte. Na Península Ibérica está moi estendida en zonas de meseta e vales interiores, cultivada como forraxeira.

CURIOSIDADES

Posúe raíces laterais que presentan nódulos de rizobios fixadores de nitróxeno. É moi rica en proteína e minerais, por iso é moi apreciada como leguminosa para forraxe.